

PAVILLÓN POLIDEPORTIVO

- ❖ Para usar a instalación débese ter unha **reserva** feita e pagada ou estar inscrito nalgunha actividade que se imparta na mesma.
- ❖ Tanto o/a titular da reserva como as/os demais deportistas deberán ser usuarios de deportes e presentar o **código QR ou a TUI** para acceder á instalación.
- ❖ En calquera momento pode pedírselle a identificación mediante documento oficial (DNI, pasaporte, carné de conducir...). Se non se pode identificar será expulsado da instalación e a reserva poderá ser anulada sen dereito a devolución.
- ❖ Poderanse reservar quendas de xogo cunha antelación máxima de 6 días para usuarios de categoría A e 3 días para usuarios das categorías B e C.
- ❖ Non se pode facer unha reserva se hai outra feita e sen consumir.
- ❖ Os prezos de reserva son os que figuran publicados na oferta de práctica libre.
- ❖ Non se permitirá o uso continuado de dúas horas os mesmos usuarios, salvo en torneos autorizados polo Servizo de Deportes previa petición por escrito.
- ❖ Non se permite o acceso á instalación de ningún tipo de animal, agás cans guía.
- ❖ Tampouco se pode acceder con envase metálico ou de cristal.
- ❖ Non está permitido fumar en ningunha dependencias desta instalación.
- ❖ Para estar na pista polideportiva cómpre usar calzado deportivo axeitado e limpo.
- ❖ Está prohibido abandonar desperdicios dentro do recinto da instalación, debendo empregar as papeleiras e outros recipientes destinados ó efecto.
- ❖ A persoa que fixo a reserva ou actúe como delegado/a ou encargado/a do equipo ou a persoa a quen se lle autorizou o uso desta instalación asumirá a responsabilidade subsidiaria das infraccións e danos que cometesen os integrantes do equipo.
- ❖ Cando os danos os provocasen os espectadores asumirá a responsabilidade subsidiaria o club, delegado, equipo ou persoa a quen se lle autorizou o uso da instalación.
- ❖ A USC non se fará responsable de calquera tipo de incidencia acontecida polo incumprimento dalgunha das normas anteriormente expostas.
- ❖ Os accidentes ou lesións que sufran os usuarios na práctica deportiva serán asumidos polos seus respectivos seguros particulares.
- ❖ O incumprimento dalgunha destas normas ou das que rexen o uso das dependencias adscritas ao pavillón polideportivo da USC, así como facer caso omiso ás indicacións do persoal, será motivo suficiente para expulsar aos/as causantes ou a anulación inmediata da reserva, o que implica que tanto titular como invitados deben abandonar a instalación.
- ❖ Os usuarios terán á súa disposición unha caixa de queixas, reclamacións, suxestións e parabéns para expoñer o que lles pareza pertinente, co obxecto de mellorar o funcionamento do servizo
- ❖ A USC resérvase o dereito de modificar as presente normas, cando as necesidades do servizo o requiran.